

## I. DATOS XERAIS DA MATERIA

---

a. Nome oficial	Economía da Empresa: Función Financeira
b. Titulación	ADE
c. Créditos	4,5 (3 teóricos; 1,5 prácticos)
d. Curso	Primeiro
e. Código da materia	611211104
f. Tipo	Troncal
g. Impartición	Primeiro cuadrimestre
h. Departamento/s responsable/s	Economía Financeira e Contabilidade
i. Profesor/a coordinador / responsable da docencia	Carlos Piñeiro Sánchez

### 1) Nome e apelidos do profesor/a que impartirá docencia

Prof. Dolores Lagoa Varela

Prof. Dr. Carlos Piñeiro Sánchez

### 2) Lugar e horario de titorías

Comunicaranse ó comezo do curso.

### 3) E-mail

Carlos Piñeiro Sánchez: [carpi@udc.es](mailto:carpi@udc.es) (exclusivamente situacións excepcionais)

### 4) Universidade Virtual

Sí.

### 5) Lingua na que se impartirá a docencia

Galego e castelán indistintamente

## II. OBXECTIVOS DA MATERIA

---

A materia pretende lograr que o alumno adquira un coñecemento básico da problemática financeira da empresa, e dos aspectos fundamentais da teoría financeira no tocante ás decisións a longo prazo; ofrécese unha introducción ó estudio da problemática financeira a curto prazo, de forma complementar ás materias de contabilidade e análise financeira. No plano das habilidades, preténdese dar un primeiro paso no desenvolvemento da capacidade de análise de problemas e o sentido crítico do alumno, e na adquisición de competencias en materia de TIC aplicadas ás finanzas.

## III. METODOLOXÍA

---

Prevense tres horas lectivas semanais de carácter presencial, que no seu caso se complementarán con actividades prácticas presenciais e/ou deslocalizadas. Dependendo da carga de traballo destas actividades, puntualmente podería reemprazarse unha parte da carga lectiva presencial.

## IV. AVALIACIÓN

---

Exclusivamente na convocatoria de Xuño, a cualificación do alumno será unha media ponderada dos resultados dos exames, actividades e tarefas que se desenvolvan ó longo do ano, sempre e cando cumprise as normas da materia e tódalas súas cualificacións sexan iguais ou superiores a tres. A ponderación dos exames non será inferior ó 75%.

No resto das convocatorias o alumno ten a posibilidade de libera-la materia nunha proba de conxunto a realizar nas datas sinaladas para as convocatorias oficiais. Esta proba ten carácter teórico - práctico e poderá ser oral ou escrita ou unha combinación de ambas modalidades; o alumno parte dunha cualificación igual a cero e se examina de tódolos contidos, habilidades e competencias que forman parte dos obxectivos da materia, incluíndo as prácticas e resto de actividades realizadas ó longo do curso

## V. TEMAS OU BLOQUES DE CONTIDOS

---

1. A función financeira da empresa
2. Matemáticas financeiras
3. Decisións de financiamento
4. Selección de investimentos
5. A problemática financeira a curto prazo

## VI. RECOMENDACIÓNS

---

## VII. FONTES DE INFORMACIÓN

---

Existe unha bibliografía básica que cobre amplamente o temario, e tamén unha recompilación de fontes específicas para cada capítulo. Algunhas referencias bibliográficas básicas son as seguintes:

- Brealey, R. A.; Myers, S. C.; Marcus, A. J. (2007): *Fundamentos de Finanzas Corporativas*, 4ª ed., McGraw-Hill, Madrid.
- Doldán Tié, F. R. (2001): *Fundamentos de las decisiones financieras empresariales*. Santiago: Tórculo.
- Suárez Suárez, A. (2005): *Decisiones óptimas de inversión y financiación en la empresa*. Madrid: Pirámide.